



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



A Federación Galega de Atletismo organiza co patrocinio do Concello de Santiago de Compostela a través do seu departamento de deportes, a **II Carreira San Silvestre de Santiago de Compostela** que terá lugar o mércores 31 de decembro a partir das 18.00 horas da tarde.

Esta proba que continua co labor de concienciación sobre os beneficios que a actividade física regular provoca na mellora da calidade de vida dos nosos cidadáns, representa o culmen do **III Circuito de Carreiras Saudables de Santiago**, CorreSan III, rematado o pasado mes de outubro, aínda que non é proba puntuable.

As probas estarán suxeitas o seguinte:

## **REGULAMENTO**

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O control técnico das carreiras estará a cargo do Comité Galego de Xuices (Federación Galega de Atletismo).
2. A **SAÍDA** da proba será ás **18 horas desde a Porta dos Leóns**, no Parque da Alameda. A zona de **META** estará ubicada na **Praza do Obradoiro**.
3. A idade mínima para poder tomar parte na proba será a de aqueles atletas nados/as no ano 2005. A organización non se fará responsable dos atletas menores da idade mínima esixida neste regulamento (ano 2005), polo que non poderán participar na proba.

## **4. CATEGORIAS E HORARIOS**

Haberá unha única proba:

<b>CATEGORIA</b>	<b>ANOS DE NACEMENTO</b>	<b>DISTANCIA</b>	<b>HORA</b>
<b>CATEGORÍA ESCOLARES</b>	do 2000 ó 2005	4000 m aprox	18:00 h
<b>CATEGORÍA ADULTOS</b>	1999 e anteriores	4000 m aprox	18:00 h

**ENTREGA DE PREMIOS AS 19:00 HORAS**

**A SAIDA DA PROBA REALIZARASE DESDE A PORTA DOS LEÓN  
ÁS 18:00 HORAS**



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



## 5. INSCRIPCIONS

- ✓ As inscricións da categoría **ESCOLARES** (do 2000 ao 2005) poderán realizarse nas webs [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com), [www.fgatletismo.es/santiago](http://www.fgatletismo.es/santiago) e [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org) con data límite o domingo 28 de decembro ás 22 horas.
- ✓ As inscricións da categoría **ADULTOS** farase tamén a través das páxinas web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com), [www.fgatletismo.es/santiago](http://www.fgatletismo.es/santiago) e [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org) con data límite o domingo 28 de decembro ás 22 horas.

Deberán rellenar o formulario cos datos requeridos e finalizar o proceso de inscrición (poderán consultar o listado provisional de inscritos en ditas webs).

A inscrición presencial poderase realizar nos seguintes puntos:

- ✓ **Departamento de Deportes do Centro Comercial Compostela (El Corte Inglés-Hipercor)** de luns a sábados de 10 a 22 horas.
- ✓ **Multiusos Fontes do Sar** de luns a sábados de 09:00 a 20.00 horas e **Complejo Deportivo de Santa Isabel** e luns a sábados de 09:00 a 20.00 horas.

Deberán rellenar o formulario de inscrición no lugar e presentar a copia do xustificante de ingreso da cota de inscrición na conta da Federación Galega de Atletismo de **La Caixa nº 2100 1453 21 0200219859** indicando no concepto o nome e apelidos do atleta participante (o pago da cota de 5 € farase só en caso de atletas nados en 1999 e anteriores).

### PREZOS DA INSCRICION

- **CATEGORIA ESCOLARES (do 2000 ao 2005 incluídos):** **GRATUITA**
- **CATEGORÍA ADULTOS (1999 e anteriores):** **5 €**

\* O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago das páxinas web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com), [www.fgatletismo.es/santiago](http://www.fgatletismo.es/santiago) e [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org) e presencialmente seguindo as instrucións desta modalidade de inscrición.

Para calquera dúbida co proceso de inscrición poderán poñerse en contacto co teléfono **981 291 799** (Federación Galega de Atletismo), ou no em@il [FGAsantiago@gmail.com](mailto:FGAsantiago@gmail.com).

Teléfonos de información xeral da proba:

 **981 528 730 / 981 291 799**

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da proba.

**TODOS OS PARTICIPANTES ADULTOS QUE PARTICIPARON NA MODALIDADE DE CIRCUITO NO CORRESAN III TERÁN A INSCRICIÓN GRATUITA. XA ESTARÁN INSCRITOS DE ANTEMÁN. DEBERÁN SIMPLEMENTE RECOLLER O SEU DORSAL A CARÓN DA SAÍDA DAS PROBAS NO PARQUE DA ALAMEDA.**  
**NON SE PODERÁ EMPREGAR O DORSAL DO CIRCUITO**

PREGASE A AQUELES ATLETAS PREINSCRITOS QUE NON VAIAN A PARTICIPAR NA PROBA O COMUNIQUEN NO EM@IL [info@carreirasgalegas.com](mailto:info@carreirasgalegas.com)

## 6. PREMIOS E AGASALLOS

- 🏆 Trofeo para as/ós 3 primeiros/as clasificados/as da categoría escolares (4000 m aprox.).
- 🏆 Trofeo para as/ós 3 primeiros/as clasificados/as da categoría adultos (4000 m aprox.).

7. A recollida de dorsais terá como tempo límite 45 minutos antes da saída da proba, podéndose recoller a partir das 16.30 horas. A mesma realizarase na Praza do Obradoiro. Os dorsais colocaranse nun lugar visible na parte anterior do corpo (zona próxima ao peito), respectándose a publicidade existente neles. Na proba todos atletas do ano 2005 e anteriores correrán cun chip que irá situado na parte traseira do dorsal. Permitirase correr disfrazado, pero o dorsal debe levarse de xeito visible na zona anterior do corpo.

## 8. CIRCUITO

O circuito será publicado previamente á proba nas webs [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.fgatletismo.es/santiago](http://www.fgatletismo.es/santiago). A Saída será a Porta dos Leóns no Parque da Alameda e a chegada será na Praza do Obradoiro.

9. A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento. A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento. Queda totalmente prohibido correr na proba sen estar previamente inscrito. Prégase precaución na proba polo alto volumen de participantes na mesma. A seguridade é o primeiro.
10. Haberá servizo de duchas no polideportivo municipal de Lorenzo de la Torre (López Ferreiro). Previamente publicarase o horario de apertura nas webs da carreira.
11. Todo o non recollido no presente regulamento rexirase pola normativa de probas en ruta da FGA e da RFEA en vigor.